

ARCODEGA ten como obxectivo afondar na mellora da xestión dos residuos de Construcción, Demolición e Industriais no país, mediante a promoción da reciclaxe integral dos RCDs, fronte á súa eliminación mediante vertido, fomentando o uso de áridos reciclados en construción e obra pública e esixindo o cumprimento da normativa ambiental.

ARCODEGA nace como asociación profesional en febreiro de 2005 con un obxectivo fundamental: promover a adecuada xestión de residuos fomentando a reciclaxe dos RCDs fronte á súa eliminación nun vertedoiro e promovendo a aplicación dos áridos obtidos a partir destes residuos. Arcodega pretende ser representativa do sector polo que, desde a súa presentación, está aberta a todas as empresas recicladoras que cumpran a lexislación e desenvolvan o seu labor dun modo ambientalmente sostido.

En Galicia, os residuos de construción e demolición (RCDs) proceden na súa maior parte de derribos de edificios ou rechazos dos materiais de construción de obras de nova construción.

As competencias sobre o control da produción e a súa correcta xestión corresponde ás Comunidades Autónomas agás no caso da reforma domiciliaria, competencia dos concellos.

O sector da construción caracterizouse en España e particularmente en Galicia por un gran dinamismo nos últimos anos, acadando índices de crecemento moi por enriba da media do crecemento da economía española. Esta actividade levou parella unha crecente xeración de residuos, o que propiciou que todos os obxectivos de prevención do volumen dos RCDs se vira superado por un nivel de actividade que, no que respecta ás súas consecuencias ambientais, é insostible nas condicións actuais.

Segundo datos do Ministerio de Medio Ambiente, feitos públicos coincidindo coa aprobación do Real Decreto que regula a xestión de Residuos de Construción e Demolición (febreiro de 2008), o 90% dos RCDs van a vertedoiro e só o 5% se recicla. A nova norma establece a obriga de incluír no proxecto de "deconstrución" un estudo de xestión do residuo producido, con estimación de cantidades a xerar, medidas a adoptar para a súa reciclaxe e inclusión do custo por parte do contratista. Do mesmo modo esíxese separalos na obra (prohibíndose o seu depósito sen tratamento previo) e establece que as administracións públicas, cando interveñan como promotores dunha obra, deberán fomentar as medidas necesarias para a utilización de áridos reciclados e os demais produtos procedentes da valorización nas Plantas de Tratamento de RCDs.

Tendo en conta tales circunstancias, hai só unha forma correcta de xestión de RCDs: a valorización, mediante plantas fixas ou móbiles. No entanto a maior parte destes residuos xestionáanse en moitísimos casos de maneira incontrolada ou ilegal mediante eliminación posto que, a día de hoxe, a maior parte destes residuos elimínanse de forma incontrolada en escombreciras, buratos ou vaugadas ou son desperdigados a prezo nulo, levando mesturados na súa masa mesmo fraccións de residuos potencialmente perigosos.

O non xestionalos axeitadamente en plantas xera as seguintes situacións negativas:

1. Os vertidos, na súa maioría incontrolados, producen un gran impacto visual polo gran volumen que ocupan e polo nulo control ambiental exercido sobre os terreos onde se depositan.
2. Aparición de materiais e substancias perigosas entre os escombros: Aditivos de formigón, adhesivos e selantes, materiais de amianto, envases de disolventes e pinturas, luminarias de mercurio, revestimentos ignífugos haloxenados...etc. Porén, aínda que se manifesten en cantidades pequenas e pode considerarse que o seu poder contaminante é baixo, nas plantas sepáranse para xestionalos adecuadamente.
3. Despilfarro de materias primas que implica a xestión mediante eliminación. A reciclaxe destes residuos non ten sentido se non existe unha demanda sostida de produtos procedentes da valorización, en especial os áridos reciclados. A súa demanda vese dificultada por condicionantes de tipo económico e técnico que se traduce no prezo baixo dos áridos naturais en comunidades como Galicia e dúbidas sobre as características funcionais do árido reciclado.

No ano 2006 a produción de RCDs en Galicia foi **superior a 2.000.000 Tm**, dos que a maior parte se xestionou inadecuadamente, no mellor dos casos en vertedoiros controlados. Isto, ademais de supoñer un despilfarro de materiais, incumpre a normativa que esixe que todo residuo apto para reciclar debe ser destinado a este fin e evitando a súa eliminación **mesmo en vertedoiros autorizados**.

Galicia recicla, na actualidade, menos do 13% dos residuos de construción e demolición "controlados", a cifra non chegaría ó 5% se a referencia fose a totalidade de RCDs xerados na comunidade. Emporiso as Plantas de Tratamento acadan cifras récord de valorización: a penas un 5% do material que entra na instalación non é recuperado para a súa reciclaxe.

OBRIGAS LEGAIS DOS PRODUTORES DE RCDs:

Recae sobre o promotor da obra a responsabilidade de cumprir as leis polas que se regula a produción e xestión de residuos en Galicia.

En Galicia, a lei (en vigor mentres non se aprobe o novo decreto) obriga ós promotores dunha obra a rexistrarse cando vaian xerar máis de 3 Tm de escombros, e depositarán unha fianza en función dos residuos que prevean xerar na memoria do proxecto, xeralmente 20€/Tm cun mínimo de 500€, que vén sendo unha garantía de que se van tratar adecuadamente os residuos. Para recuperar o aval é necesario entregar o certificado dun xestor autorizado para valorización.

A Administración Autónoma debe cotexar os datos presentados polos recicladores na Declaración anual onde se indican os fluxos de residuos e a súa procedencia. Coa Lei en vigor as sancións por falta moi grave poden levar a 300.000 €.

Na actualidade a Xunta prevé aprobar unha nova Lei de residuos (será a 3ª nesta década) que, a tenor dos anuncios realizados, destacará pola dureza das súas sancións podendo chegar ó millón de euros e mesmo poderá ser incorporado á multa o dobre do beneficio obtido por quen cometera un delito ambiental. Así e todo non se ceñirá só á sanción económica senón que atacará tamén a imaxe pública do infractor dando publicidade á sanción, nunha estratexia que busca dar exemplo á sociedade e deixar claro que incumprir a lexislación en materia de medio ambiente resulta caro.

No tratamento inadecuado dos RCDs teñen moito que ver as múltiples subcontratas- tan frecuentes no sector- que provocan que a última empresa que se encarga dunha obra conta cun presuposto axustado para obter beneficios polo que en moitos casos optan por desfacerse dos escombros dunha forma ilegal, especialmente en canteiras e recheos.

A Lei dota de mecanismos suficientes para solucionar este problema, só hai que poñela en práctica e realizar os controis nas obras.

DOTACIÓN DE ESTRUTURA PARA A XESTIÓN ADECUADA DE RCDs

Ademais de dez plantas de reciclaxe públicas e 19 plantas privadas de maior ou menor capacidade, hai varios proxectos en marcha, que nos permiten afirmar que é unha cifra importante para poder dar cobertura ó tratamento de reciclaxe en detrimento da eliminación en vertedoiro.

INQUIETUDES DE ARCODEGA:

1. Fundamentalmente, que se cumpra a Ley: Para iso é necesario que as distintas administracións o esixan, comezando polos Concellos e as delegacións provinciais. En moitos concellos non se están esixindo fianzas en materia ambiental cando se solicitan licencias de obra.
2. Cumprir os obxectivos de reciclaxe que marca o Plan de RCDs do 60% e ilos incrementando paulatinamente ata chegar ó 100% (na actualidade xestiónanse legalmente menos do 20%).
3. Buscar unha saída comercial (obligación de uso de áridos reciclados en obra pública e fomento do seu uso na privada) para os produtos que recuperamos, especialmente para os áridos que, cunha ampla gama de granulometrías, resultan válidos para ser usados como material de recheo, pistas forestais, acondicionamento de canalizacións, compactación, drenaxe, regularización do terreo, selado de vertedoiros...

A utilización de áridos reciclados non só supón unha cuestión de cumprimento de Lei (valorización de todos os residuos); é ademais un aforro económico e unha redución do impacto ambiental ó evitarse a extracción da materia prima en canteiras, coa conseguinte redución de emisións de CO₂.

4. Que a sociedade en xeral non tome como un mal menor a xestión inadecuada dos RCDs por consideralos menos contaminantes ou perigosos que outros residuos.
5. A competencia desleal que supoñen moitos transportistas (especialmente empresas de contenedores), quen, sen ser xestores de residuos, se fan cargo deles por un prezo un pouco máis baixo e os xestionan ilegalmente. Isto frea a creación de plantas de reciclaxe e impide a consecución dos obxectivos fixados non de RCDs.
6. É conveniente esaltar a existencia de vertedoiros incontrolados especialmente concentrados en concellos concretos, o que denota falta de preocupación e control.

7. Existe un problema urbanístico para a implantación deste tipo de plantas, que non son viables por dous motivos básicos:
- pola gran cantidade de solo necesario (mínimo entre 10.000-15.000 m³) en primeiro lugar non hai solo industrial; se o houbera, a actividade non sería viable economicamente polo prezo de dito solo e ó non ser legais en solo rústico.
 - polo molesto de realizar esta actividade en solo industrial, especialmente polo po e o ruído que se xera no machaqueo dos áridos.

Arcodega é a organización representativa do sector en Galicia e conta, entre os seus socios, coa práctica totalidade de empresas recicladoras de residuos de construción e demolición:

Empresa	Domicilio Social	Teléfono	Fax	Email
Recinor, S.L.	Carretera de Catabois, Km 3.7, C.P. 15405, Ferrol (A Coruña).	981325139	981324200	jrilo@jrilo.com
Conteco, S.A.	Monte Rabadeira, Nave 2B- Meicende,	981263700 981263786	981268269	info@contecosa.com

Fernando III El Santo, 32 bajo. 15701· Santiago · www.arcodega.org · info@arcodega.org

Teléfono: 981553 447 · **Fax:** 981553 997 · Teléfono Oficina de Comunicación: 661708586

	C.P. 15008, Arteixo (A Coruña)			
Gestan Tratamiento de Residuos, S.L.	Rega 29 E, C.P. 15105, Bertoa, Carballo (A Coruña)	981758519	981758118	info@grupogestan.com
Reciclados Xinzo, S.L.	Polig. Industrial As Gandaras. Parcela 8-B, C.P. 36400 Porriño (Pontevedra)	986331980	986336169	info@grcouceiro.com
Congalle, S.L.	Polígono Comercial Barreiros, calle C, nº 12, C.P. 32915, San Cibrao das Viñas (Ourense)	988233013	988245401	congalle@infonegocio.com
Residuos de Construcción y Demolición El Pino S.L.	Lugar O Cebreiro s/n 15821 O Pino. Santiago de Compostela (A Coruña)	981634111	981634112	manor@manoringeneria.com
Coacon, S.L. (Grupo Cespa)	Monticaño s/n 15142 Pastoriza Arteixo (A Coruña)	981607781	981644024	olalla.fernandez@cespa.es
Agustín. Vázquez Carro	C/ Paseo Ramón Beade, nº 12, 15.300 Betanzos (A Coruña)	981 771 725	981 772 397	info@agustinvazquezcarro.com
Carballal de Residuos S.L.U.	Casalonga, Calo, s/n 15866 Teo (A Coruña)	981 54 86 86	981 193 607	info@carballalde_residuos.com
Cuiña S.A.	C/ Presa de Alende, 4 - 15320 As Pontes (A Coruña)	981 450 793 981 450 126	981 450 960	grupocuina@gmail.com
Prenor-Planta Reciclaxe Noroeste S.L.	Bouciñas, 10 - 15214 Lousame (A Coruña)	981 822 990	981 822 990	server@telefonica.net
Contenedores Miramontes	Carretera da Coruña Fisterra Km. 34,7 - 115147	981 734 302	981 734 302	miramontes@donordenador.com
Excavaciones Carreira	Santiago de Meilán, 13 27296 - Lugo	982 213 601	----	excavacionescarreira@yahoo.es